



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Nomeamento de Nerea Anelo Cuns funcionario/a interino/a, auxiliar administrativo, administración xeral, subgrupo c2, na área de servizos sociais polo tempo imprescindible ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesma.

Expediente: 2023/G003/000305 - 2022/E001/000050

ANTECEDENTES:

I.- Mediante memoria da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2023 deuse inicio ao expediente para a contratación dun/ha auxiliar administrativo/a (C2) para o departamento de servizos sociais, para cubrir unha praza vacante na RPT (código 4005) en tanto non se provee regulamentariamente o posto.

II.- Mediante Decreto da Alcaldía núm. 13/2023 de data 17/01/2023 resolveuse aprobar as bases reguladoras que rexen o proceso para a contratación e formación dunha bolsa de emprego no Concello de Lousame e convocar proceso selectivo.

III.- O anuncio da convocatoria e as bases reguladoras foron publicadas no taboleiro de anuncios e na Sede Electrónica do Concello o día 19/01/2023.

O día 24/01/2023 foi publicado anuncio da convocatoria e as Bases no BOP de A Coruña núm. 16.

IV.- O prazo de presentación de instancias para participar no procedemento selectivo foi de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do último anuncio (24.01.2023 BOP de A Coruña núm. 16) e rematou o día 07/02/2023.

IV.- Mediante Decreto da Alcaldía núm. 61/2023 de data 16/02/2023 resolveuse aprobar a lista de admitidos excluídos provisionais e concedíase un prazo de tres días hábiles para reclamacións.

V.- Mediante Decreto da Alcaldía núm. 104/2023 de data 02/03/2023 aprobouse a lista definitiva de excluídos e admitidos no procedemento de selección, foi confirmado o nomeamento do Tribunal e sinalouse o día 10.03.2023 para a constitución do mesmo e o comezo do proceso selectivo, de acordo coas bases publicadas.

VI.- Realizado o proceso selectivo, o día 29.04.2023 foi publicada no taboleiro de anuncios do concello de Lousame o Acta do Tribunal de data 28.03.2023.

VII.- En data 30.03.2023 a candidata María Jesús Rosende Otero presenta Recurso de Alzada fronte ao Acta do Tribunal de data 28.03.2023.

VIII.- O 19.04.2023 ditase Resolución da Alcaldía 206/2023 pola que se acepta a proposta do Tribunal, que a mesma foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame máis no Taboleiro de anuncios da sede electrónica del Concello de Lousame o día 20.04.2023.

XI.- O día 25.04.2023 María Jesús Rosende Otero presenta a documentación indicada no Decreto da Alcaldía núm. 206/2023 de data 19.04.2023

XII.- O 26.04.2023 ditase oficio pola Alcaldesa do concello de Lousame co seguinte contido:

<<Asunto: Toma posesión María Jesús Rosende Otero como auxiliar administrativo, administración xeral, subgrupo c2, na área de servizos sociais polo tempo imprescindible ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesma

Expediente: 2022/E001/000050

En data 20/04/2023 foi publicada na sede electrónica do Concello de Lousame decreto da alcaldía núm. 206/2023 de data 19/04/2023 mediante o cal se resolvía o proceso selectivo para o nomeamento de auxiliar administrativo interino,





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

administración xeral, subgrupo c2, na área de servizos sociais polo tempo imprescindible ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesma a favor da clasificada en primeiro lugar.

En data 25/04/2023 Dona María Jesús Rosende Otero, primeira clasificada, presenta a través do rexistro electrónico do concello de Lousame a documentación indicada na base 8 das que rexeron o procedemento de selección.

Unha vez comprobada que a documentación presentada resulta correcta, por medio do presente escrito **SE CITA** a Dona María Jesús Rosende para o **ACTO DE TOMA DE POSESIÓN** como auxiliar administrativo interino, administración xeral, subgrupo c2, na área de servizos sociais polo tempo imprescindible ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice que terá lugar o próximo:

DÍA:	2 DE MAIO DE 2023
LUGAR:	EDIFICIO DO CONCELO DE LOUSAME. Praza Teodomiro Hidalgo S/n. 15214. Lousame

>>

Dona María Jesús Rosende Otero aceptou a notificación deste oficio o día 26.04.2023.

XIII.- O día 28.04.2023 ditouse pola alcaldía Decreto núm. 220/2023 no que se resolvía:

<<**PRIMEIRO.-** Nomear, de conformidade co establecido no artigo 10.1.a) do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, a:

APellidos, NOME:	D.N.I.	Puntuación obtida:
María Jesús Rosende Otero	***1677**	45,25

Como funcionaria interina para el desempeño do posto de "auxiliar administrativo" da escala da administración xeral, subescala auxiliar, grupo "C2", na área de servizos sociais polo tempo imprescindible ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesma

A duración do nomeamento será dende a toma de posesión como funcionaria interina que terá lugar o día 02 de maio de 2023 ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesmo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, a fin de que poida tomar posesión do posto o día 02.05.2023.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos do Concello mais no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Lousame.>>

Esta Resolución foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica e notificada á interesada o día 04.05.2023.

XIV.- En data 29.04.2023 (sábado) María Jesús Rosende Otero presenta escrito a través do rexistro da sede electrónica do Concello de Lousame no que expón:

<<Que se me notifica el plazo de toma de posesión como funcionaria interina para el departamento de servicios sociales del concello de Lousame el día 02/05/2022. Que dado que vivo en Santiago de Compostela y me implica un cambio de residencia por lo que tomo posesión dentro del plazo de un mes según lo dispuesto en la legislación vigente para la toma de posesión de los funcionarios interinos. Adjunto certificado de empadronamiento del concello de Santiago de Compostela.>>

E solicita:

<<Tomar posesión dentro del plazo de un mes>>

XV.- En data 03.05.2023 María Jesús Rosende Otero presenta escrito a través do rexistro da sede electrónica do Concello de Lousame dirixido ao Tribunal de selección da praza de auxiliar administrativa no que expón:

<<Que con fecha 25/04/2023 y registro de entrada 6109/RX 1243543 presento documentación requerida para la contratación como auxiliar administrativa administración xeral subgrupo C2 en el área de servicios sociales.

Que con fecha 29/04/2023 y registro de entrada 20239990000248 presento escrito de tomar posesión en el plazo de un mes dado que supone un cambio de localidad ya que actualmente vivo en Santiago de Compostela y adjunto certificado de empadronamiento.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Que con fecha 25/04/2023 y registro de entrada 6108/RX1243517 presento escrito de compatibilidad en el concello de Poio para desempeñar otro puesto de trabajo en el concello de Lousame(adjunto registro de entrada del escrito presentado) Que según lo dispuesto en el artículo 10 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas que textualmente dice
"Quienes accedan por cualquier título a un nuevo puesto del sector público que con arreglo a esta Ley resulte incompatible con el que vinieran desempeñando habrán de optar por uno de ellos dentro del plazo de toma de posesión. A falta de opción en el plazo señalado se entenderá que optan por el nuevo puesto, pasando a la situación de excedencia voluntaria en los que vinieran desempeñando.
Si se tratara de puestos susceptibles de compatibilidad, previa autorización, deberán instarla en los diez primeros días del aludido plazo de toma de posesión, entendiéndose éste prorrogado en tanto recae resolución".
Dado que el concello de Poio no ha dictado resolución a la compatibilidad y con independencia del escrito presentado para toma de posesión por cambio de localidad>>

E solicita:

<<En base a lo dispuesto en el artículo 10 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas prórroga del plazo de toma de posesión en tanto no recae resolución de la compatibilidad para el desempeño de otro puesto de trabajo en otra administración pública.>>

Aportaba xunto co anterior escrito recibo de presentación en data 25.04.2023, a través do sistema SIR, no rexistro do concello de Poio a solicitude de concesión de compatibilidade para desempeñar outro posto de traballo no concello de Lousame.

XVI.- En data 04.05.2023 ditouse Decreto da Alcaldía núm. 229/2023 no que se resolvía:

<<**PRIMEIRO:** Desestimar a solicitude de prórroga do prazo de toma de posesión solicitado por María Jesús Rosende Otero.

SEGUNDO: Señalar que o prazo para a toma de posesión, de acordo co disposto na base 10 das que rexen o procedemento de selección, terá lugar dentro dos cinco días naturais, contados a partindo seguinte á notificación.

Sendo que a publicación do nomeamento realizouse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de Lousame o día 04.05.2023, o prazo conclúe o día 9 de maio de 2023.

TERCEIRO: Aos efectos de poder organizar os actos administrativos necesarios para a súa toma de posesión, como a alta na Seguridade Social, **REQUIRESE** a María Jesús Rosende Otero para que notifique a este Concello, con alomenos un día de antelación, a data na que se vai producir a toma de posesión.

CUARTO: No suposto de que no prazo sinalado non se produza a toma de posesión, enténdese que a aspirante desiste do seu nomeamento, efectuándose novo nomeamento en favor do aspirante seguinte que obtivera maior puntuación.>>

Este Decreto foi notificado á interesada, que aceptou a notificación o día 05.05.2023.

XVII.- Transcorrido o prazo de cinco días naturais a partir da publicación do nomeamento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Lousame e a notificación á interesada, sen que María Jesús Rosende Otero notificase a este concello a data en que comparecería para a súa toma de posesión, nin comparecese persoalmente para a mesma, procedeuse conforme ao sinalado na base 9 e declarouse a imposibilidade de que puidera ser nomeada funcionaria interina, quedando anuladas as actuacións e procedendo a realizar o chamamento ao candidato aprobado seguinte que figure na lista de reserva.

XVIII.- De acordo co anterior en data 10.05.2023 foi ditado Decreto da Alcaldía núm. 262/2023 no que se resolvía:

<<**PRIMEIRO.-** Declarar a imposibilidade de nomear funcionaria interina a María Jesús Rosende Otero e ter por anuladas as actuacións, por non comparecer á súa toma de posesión no prazo sinalado nas bases que rexeron a convocatoria.

SEGUNDO.- Realizar chamamento ao candidato aprobado seguinte que figura na lista de reserva que resulta ser:

APellidos, NOME:	D.N.I.	Puntuación obtida:
Antelo Cuns, Nerea	***2288**	41,80

Para que, en cumprimento do disposto na base 8 das que rexen a convocatoria, no prazo de **cinco (5) días naturais**, contados a partir da publicación desta resolución no Taboleiro de Edictos para que **o aspirante chamada achegue os seguintes documentos:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 1) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.
- 2) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do Título académico esixido, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
- 3) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 4) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse no suposto de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración Xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- 5) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- 6) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliado). Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución ás interesadas.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos do Concello mais no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Lousame.

SEXTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), e 8, 10 e 46, e demais concordantes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a devandita resolución, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao de publicación do mesmo, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación
- Contra a desestimación presunta do recurso de reposición, e no prazo de seis meses, a partir do día seguinte ao cumprimento do prazo dun mes que ten o Concello para a resolución e notificación do referido recurso de reposición recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo.
- Poderá así mesmo interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente e que conveña aos seus intereses, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión a que se refiren os artigos 125 e 126 da Lei 39/2015 (LPACAP)".>>

O decreto foi publicado de acordo coas bases que rexen o procedemento de selección no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello e notificado ás interesadas (María Jesús Rosende Otero e Nerea Antelo Cuns) o día 10.05.2023.

XIX.- Visto que o día 11.05.2023 Nerea Antelo Cuns presenta a documentación indicada no Decreto da Alcaldía núm. 262/2023 de data 10.05.2023

De acordo co disposto nas bases que rexeron o presente proceso selectivo e en virtude do establecido no artigo 61.1 h) da Lei de Administración Local de Galicia, artigo 21.1 h) da LRBRL e normativa concordante; sendo competencia da alcaldía,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 10.1.a) do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, a:

APELIDOS, NOME:	D.N.I.	Puntuación obtida:
Nerea Antelo Cuns	***2288**	41,80





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Como funcionaria interina para el desempeño do posto de “auxiliar administrativo” da escala da administración xeral, subescala auxiliar, grupo “C2”, na área de servizos sociais polo tempo imprescindible ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesma.

A duración do nomeamento será dende a toma de posesión como funcionaria interina que terá lugar o día 12 de maio de 2023 ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesmo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, a fin de que poida tomar posesión do posto o día 12.05.2023.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos do Concello mais no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Lousame.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

